

PLAN DE IGUALDADE



CEIP DE PETELOS

2022-2023

Índice

1.- Introducción.....	3
2.- Contextualización normativa e do centro.....	4
3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.....	7
A. Roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar:.....	7
B. En relación ao sexismo lingüístico nos documentos do centro:.....	8
C. Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado:.....	8
3.1 INDICADORES INTERNOS:.....	8
3.2. INDICADORES EXTERNOS:.....	10
4.Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan en canto aos seguintes temas:.....	10
4.1.Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	10
4.2.Prevenición, detención e intervención en casos de violencia de xénero.....	11
4.3.Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	12
4.4.Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.....	12
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.....	13
5.1. Organización do centro.....	13
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	13
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	14
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	15
6. Seguimento e avaliación.....	16
ANEXOS.....	18

1.- Introducción

Dende unha visión educativa no noso centro cremos, que, xunto coa familia, debemos levar a cabo a educación dende unha perspectiva integral. Para isto consideramos básica a coeducación como ferramenta para acabar coa desigualdade. A escola é un medio excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. A día de hoxe observamos un mantemento dos estereotipos sexistas entre o alumnado que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade. Debemos ser capaces de transmitirle ao noso alumnado valores baseados na paz e na igualdade.

Consideramos fundamental traballar dende a diversidade no noso centro.

2.- Contextualización normativa e do centro

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

Na **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación** establece no seu preambulo que a educación deberá adoptar un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomentar en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto a diversidade afectivo-sexual. Estes aspectos recollidos tamén no preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, que poñía de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no

respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes

establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Algunha lexislación a ter en conta sería:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación

Autonómica

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade e a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Nos documentos do centro aparecen recollidas estas cuestións:

- **No PEC** nos principios educativos do centro (educar no respecto e a igualdade).
- **No Plan de convivencia** nos obxectivos do centro facemos fincapé:
 1. Na adquisición e a educación en valores para o respecto e a convivencia entre ambos sexos.
 2. No recoñecemento e control dos conflitos e as habilidades de autoprotección e seguridade .

Do mesmo xeito nos principios para acadar os obxectivos centrámonos en:

1. Educar en valores, sentimentos e actitudes,
2. Ensinar a detectar e combater os problemas que conducen á violencia,

3. Identificar as situacións sexistas, de intimidación e acoso.

- Nas programacións de aula, reflíctense aqueles aspectos recollidos no currículo.

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBifobia

Neste apartado imos analizar os indicadores que nos axudarían a detectar a situación real do noso centro con respecto a igualdade entre homes e mulleres.

A. Roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar:

O noso centro , neste curso escolar 2022-2023 está formado por:

- 10 unidades, 3 de infantil e 7 de primaria e unha relación de postos de traballo de 20 mestres e mestras, dos cales 19 son mulleres e 1 home.
- O Equipo Directivo formado por 3 mulleres.
- O persoal non docente 1 coidadora- muller e 1 conserxe, home.
- O número de alumnado é 150 distribuído da seguinte forma no curso 22/23:

AULA	MULLERES	HOMES
4º E. Inf.	7	9
5º E. Inf.	7	7
6º E. Inf	9	9
1º PRIM	6	9
2º PRIM.	7	8
3º PRIM.	11	3
4º PRIM.	9	6
5º PRIM	7	7
6º PRIM. A +B	15	13

O centro é de liña 1, polo que todo o alumnado matriculado cada ano está na mesma aula. Nos anos nos que se desdobre o nivel por aumento de matrícula, agrúpanse o alumnado de 4º de Educación Infantil da seguinte forma: equidade no número de mulleres e de homes, equidade no número de alumnado coas materias de relixión e valores sociais ou cívicos, equidade entre o alumnado nacido ao longo de todo o ano. Cando se fai a redistribución en outro curso de Primaria consérvase a equidade entre o número de homes e mulleres ademais doutros puntos pedagóxicos.

A participación da muller noutros órganos de goberno diferentes ao equipo directivo é alta, aínda que nalgún é así polo rol dado a elas dende sempre.

- Representantes de pais/nais no consello escolar: 3 mulleres e 1 home
- Representante da ANPA no consello escolar :1 muller.
- A participación nas titorías é moi superior a das nais que a dos pais.

B. En relación ao sexismo lingüístico nos documentos do centro:

Analizando a linguaxe utilizada nos documentos e carteis do centro apréciase un uso maioritario do masculino xenérico para referirse a ambos sexos. Procédese durante estes últimos anos a utilizar o xenérico inclusivo, profesorado, alumnado, cando procede, e de non ser así,ponse o masculino e o feminino. En canto aos libros de texto e materiais didácticos, aínda que existe unha mellora do uso do feminino queda moito por facer para borrar as representacións estereotipadas de mulleres e homes e por en valor as contribucións de mulleres ao progreso e a ciencia.

C. Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado:

O profesorado en aspectos relacionados coa perspectiva de xénero promove o trato igualitario para ambos sexos nas tarefas relacionadas co alumnado potencia o desenvolvemento se estereotipos de xénero

3.1 INDICADORES INTERNOS:

3.1.1 Uso de recursos materiais diferenciando entre o que fan os nenos e nenas:

- Nas aulas
- Nos espazos comúns: recreos, pistas, baños...

(O uso dos espazos é un dos elementos nos que se aprecian máis dificultades no respecto aos dereitos alleos).

3.1.2. Recursos humanos do centro, distinguindo entre o perfil do profesorado e do alumnado.

- Perfil do profesorado: (composición do claustro e distribución de cargos de responsabilidade)
- Perfil do alumnado: (número e porcentaxe de alumnos /as por niveis)

PARA ANALIZAR A PRESENZA DA EDUCACIÓN EN IGUALDADE NO CENTRO TEREMOS EN CONTA A SEGUINTE TÁBOA (que se revisará anualmente).

PRESENZA DE INDICADORES	SI	NON	E.P.
Datos estruturais			
Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos no P.E.C.			
Está nomeada a persoa do Consello Escolar que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres			
Linguaxe escrita			
Carteis do centro			
Comunicados			
Documentos do centro			
Materiais e recursos			
Biblioteca			
Taboleiro específico de coeducación			
Presencia na web do centro			
Enlaces a recursos externos			
Sesións formativas/ informativas para o claustro			
Sesións formativas/ informativas para a comunidade educativa			
Outras actuacións e medidas			
Utilización igualitaria de espazos, recursos e tempos			
Realización de actividades deportivas e complementarias			

3.2. INDICADORES EXTERNOS:

3.2.1. Perfil das familias: (*Enquisa familias*)

- Situación socio-económica da zona
- Tipo de familias
- Niveis de colaboración xeral
- grao de colaboración/ implicación da ANPA

3.2.2. Recursos externos ó centro

a.- Non institucionais:

- Asociacións de veciñas e veciños
- Grao de participación das mulleres (si existen vogalías da muller)
- tipo de actividades que se organizan

b.- Institucionais

- Concello : organismos específicos para a promoción da muller, si existen plans das concellerías de Cultura e Educación, si existen plans específicos sobre igualdade, centros asesores da Muller (CIM, 1 de xuño)

4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan en canto aos seguintes temas:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.

Desenvolver valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.

- Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.

- Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida e promover a autonomía persoal. As tarefas da vida doméstica e o coidado das persoas deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É necesario contrarrestar os posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade. A aprendizaxe dos coñecementos relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que antes se consideraron esenciais para o desenvolvemento das funcións sociais das mulleres, debe ser hoxe unha necesidade para todos os mozos, dun sexo e do outro, e debe ser promover a autonomía persoal para afrontalos.

- Educar en igualdade no deporte e na actividade física tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes sen limitar as súas posibilidades. Facilitar unha elección libre e non estereotipada.

- Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado. Estes plans deben promover o respecto aos dereitos e liberdades, o exercicio de tolerancia, prevención e resolución pacífica de conflitos. Prestarase especial atención á detección precoz de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

4.2.Prevencción, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Educar na prevención da violencia de xénero. É necesario erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción. Debe visualizarse tamén sinalando exemplos concretos do que se denominou "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha forma deplorable de acoso.
- Educar na detección de posibles casos de abuso. É necesario indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.

4.3.Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
- Garantir o respecto á intimidade de tódolos alumnos.
- Promover a protección e a atención necesarias para facilitar o desenvolvemento integral, mediante actuacións que permitan, se fose preciso, a integración familiar, escolar e social.
- Fomentar a superación de estereotipos relacionados co xénero modificando os contidos sexistas dos materiais e realizando os cambios físicos nos espazos para favorecer a igualdade e garantir un completo desenvolvemento da personalidade do alumnado.

4.4.Prevencción, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

- Promover e coordinar actividades de formación e capacitación para todo o profesorado que permitan previr, detectar e intervir en casos de LGTBIfobia.
- Previr actitudes ou comportamentos homofóbicos, lesbofóbicos, bifóbicos e/ou transfóbicos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

- Potenciar a igualdade real de oportunidades e a eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero.
- Implantar pautas para a prevención, detección e reacción co fin de evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.
- Guiar unha rápida detección e actuación diante de situacións discriminatorias e atentatorias contra a diversidade.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro

- Nomearase unha muller responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundirase o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promoverase a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregarase unha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- Colaboraremos con outras entidades na realización de actividades coeducativas (Concello de Mos, CIM de Mos,...)
- Realizaremos actividades para celebrar o 8 de marzo, Día internacional das mulleres e para o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Potenciaremos o Día do Libro ou o Día da Paz, con perspectiva de xénero.
- Participarase en programas específicos de igualdade de xénero ou talleres para traballar a coeducación desde o currículo.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

A **LOM-LOE** inclúe dentro dos seus principios: *“Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promovan a igualdade de xénero”*.

Por iso e coa finalidade de cumprir os obxectivos reflectidos no **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 – 2020**, propoñemos as seguintes medidas para promover a devandita igualdade no noso centro:

- Revisar as **programacións didácticas** e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
 - Revisar o **material didáctico** empregado na aula
 - Realizar actividades de sensibilización **na aula**.
 - Realizar actividades de información e **sensibilización** coas familias.
- Evitar a **linguaxe** sexista: dirixirse ós nenos e nenas no mesmo matiz de voz e non empregar unha linguaxe discriminatoria.
 - Evitar que aparezan espazos asociados ó sexo.
 - Reparto de tarefas e responsabilidades igualitarias.
 - Dialogar sobre o reparto de tarefas e actividades na vida social.
 - Analizar na asemblea os conflitos relacionados co xénero.
 - Ó traballar os recunchos, tanto nenos coma nenas ocuparán os mesmos roles e realizarán as mesmas actividades.
 - Á hora de traballar con murais ou fichas, incluír imaxes de homes facendo as tarefas do fogar, mulleres con profesións tipicamente masculinas, nenas xogando con coches e nenos con bonecas.
 - Evitar atribuír os oficios de forma estereotipada.
 - Levar a cabo un programa de intelixencia emocional: baseado en asembleas, resolución de conflitos, contos e cortos de animación que den lugar á expresión de emocións e ó debate.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

Analizaremos o uso dos espazos das aulas e dos patios do noso centro , promovendo os xogos e as actividades coeducativas en todos estes espazos utilizados por toda a comunidade educativa. A través do xogo nenas e nenos poden imaxinar o seu futuro. Xoguetes e xogos favorecen a necesidade de moverse, curiosar, crear, relacionarse, expresarse, intercambiar vivencias, accións e pensamentos. En definitiva, a necesidade de estar e de vivir no mundo. Os xogos, xoguetes, actividades e contos son recursos que socializan, que estimulan a comunicación, que serven para a evolución social, individual e social, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un mundo máximo e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación.

Todos estes recursos inflúen profundamente na construción da personalidade e identidade das persoas nas etapas escolares da vida. Por iso, debemos ser conscientes do importante papel que teñen estes xogos, xoguetes, actividades e contos no desenvolvemento de nenas e nenos.

Facer visible nos letreiros informativos do centro...

Deseñar espazos igualitarios con recantos mixtos e xogos coeducativos, tanto dentro das aulas como na hora de lecer nos patios do centro, para favorecer a inclusión e a igualdade nos xogos.

Deseño de Obradoiros na Biblioteca sobre igualdade, promovendo deste xeito as lecturas coeducativas, facendo un rexistro da bibliografía que temos no centro.

Realización de actividades deportivas e de expresión corporal, ioga, baile, etc...sendo igual para todos e todas.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

As actividades que se levarán a cabo para desenrolar os seguintes obxectivos dos valores coeducativos serán actividades, tarefas e situacións de aprendizaxe planificadas e plantexadas en positivo, serán gratificantes para o alumnado e participarán todos os alumnos e alumnas do centro, ás veces de forma xeral, outras por cursos intentando que

teñan repercusión en toda a comunidade educativa. O xogo é un dos medios de aprendizaxe e de socialización mais interesantes que se dan na infancia. No xogo proxéctanse, ademais, os estereotipos e modelos imperantes nunha comunidade determinada. Procurarase que nenos e nenas compartan xogos e xoguetes, evitando a formación de grupos pechados e que se vete a participación dunha persoa por razón de seu sexo.

- Promover o **respecto** e o bo trato entre mulleres e homes. Realizar nos patios tanto de Infantil como de Primaria xogos entre diferentes sexos. Os recunchos (coches, construcións, lectura, xogos de mesa, xogos no patio) deben estar repartidos de forma igualitaria tanto por nenas como por nenos.

- Promover actividades de **coidado** entre persoas, do medio ambiente, etc.

- Promover o respecto cara a **diversidade** sexual e de xénero. Traballarase na clase para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferenzas entre nenos e nenas; diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos. Terase especial atención á hora de educar na igualdade, hai moitas formas de ser e sentirse mulleres ou homes, hai persoas que non senten que o seu sexo biolóxico está en consonancia coa súa identidade de xénero e persoas con orientacións sexuais diversas (lesbianas, gays, bisexuais e heterosexuais). A nosa sociedade é plural e todas as persoas deben ter os mesmos dereitos independentemente da súa identidade de xénero ou orientación sexual.

- Promover **metodoloxías** activas, participativas e cooperativas a través de aprendizaxe por proxectos, cooperativo, baseado na resolución de problemas, interactivo, faladoiros... Realizaranse actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e nenas adquiran sexa significativo dentro dun enfoque globalizado. Será a partir das propias experiencias do alumnado, do seu entorno inmediato, para o que se favorecerá a comunicación familia-escola e realizaranse actividades que se baseen na experiencia familiar e na convivencia que supón; para así poder trasladalo á vida en sociedade.

- Promover a **corresponsabilidade** na realización de tarefas.

6. Seguimento e avaliación

Para coñecer se os obxectivos plantexados no proxecto son os máis axeitados e as actividades propostas son as correctas para acadar ditos obxectivos, levarase a cabo unha **avaliación continua**. Tamén se terá en conta a implicación dos distintos membros da comunidade educativa, a súa coordinación e o grado de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua completaráse cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e experiencias.

Poderemos empregar os seguintes indicadores de medida:

- Uso non discriminatorio da linguaxe, que sexa integrador con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Educación na igualdade, lonxe de estereotipos e discriminación por razón de sexo ou orientación sexual.
- As programacións didácticas teñen presente a igualdade de xénero nos seus obxectivos, contidos, actividades,..
- Na redacción de circulares e documentos do centro empregamos unha linguaxe inclusiva e igualitaria.
- A implicación de toda a comunidade educativa foi positiva, así como a súa coordinación.
- As boas prácticas de educación emocional e de resolución de conflitos para previr a violencia de xénero están presentes nas aulas do centro.
- As relacións persoais entre o alumnado melloraron, diminuíndo o sexismo nas situacións de xogo.
- As actividades realizadas no centro nas conmemoracións e nas distintas actividades do currículo, foron cercanas ao alumnado e se traballaron de forma lúdica.
- Promovemos as lecturas coeducativas tanto na biblioteca escolar como nas recomendacións para a casa.

Polo que respecta aos instrumentos de avaliación empregaremos a observación directa e sistemática con listas de control, rexistro de anécdotas, tamén pequenos cuestionarios para alumnado, profesorado e familias, que nos axudarán a establecer propostas de mellora para os seguintes cursos escolares (modificacións nos documentos do centro, mellora das actividades,...)

ANEXOS

ANEXO I**LISTA DE CONTROL**

	SI	NON
Leváronse a cabo todas as actividades propostas.		
As actividades foron motivadoras para o alumnado.		
A participación do alumnado nas actividades foi boa.		
A implicación do profesorado foi boa.		
A colaboración das familias foi positiva.		
A coordinación entre os membros do claustro foi a correcta.		
Notouse melloría no emprego dunha linguaxe non sexista .		
Os documentos do centro e demais materiais curriculares foron revisados, para incluír a perspectiva de xénero e unha linguaxe coeducativa.		
As relacións persoais entre o alumnado melloraron, diminuíndo os conflitos e o sexismo en situacións de xogo.		
Os patios e os espazos escolares usáronse de forma compartida e non excluínse.		
O alumnado é consciente da igualdade entre homes e mulleres.		
Traballouse a igualdade de xénero a través de libros e recursos TICs.		
A valoración global do proxecto é positiva.		

ANEXOII

ENQUISA PARA PAIS E NAIS

(encuesta para encher por separado a nai e o pai)

(Rodee cun círculo a resposta correcta)

1.- Traballa fora de casa?:

SI NON

2.- A súa parella traballa fora de casa?

SI NON

3.- Pensa que hoxe en día a muller ten os mesmos dereitos que o home?

IGUAIS MÁIS MENOS

4.- É frecuente que na súa casa os seus fillos/ fillas oian expresións parecidas a esta?: “ as nenas non fan iso porque son cousas de nenos” ou ó contrario.

SI NON

5.- Lle rifa ó seu fillo/filla cando fai cousas que son propias do outro xénero?

SI NON

6.- Cree que hoxe en día a muller pode acceder a calquera posto de traballo?

SI NON

7.- Cree que existen aínda profesións que son exclusivas dos homes ou das mulleres?

SI NON

8.- Valora vostede o traballo doméstico como un traballo máis?

SI NON

9.- Fomenta no seu fillo actitudes de colaboración nas tarefas domésticas?

SI NON

10.- E na súa filla?

SI NON

11.- Cre que o home está menos capacitado que a muller para os traballos domésticos?

SI NON

12.- Cre que o home en xeral comparte coa muller o traballo doméstico e os problemas derivados da educación dos fillos?

SI NON

13.- Das seguintes tarefas sinala cun X quen as realiza:

	PAI	NAI	AMBOS
Facer arranxos na casa			
Conducir			
Varrer			
Levar o coche ó taller			
Planchar			
Axudar ós fillos/fillas coas tarefas			
Cociñar			
Ir á compra			
Lavar			
Levar ós fillos/as ó médico			
Comprar roupa dos fillos/as			
Xogar cos fillos/as			
Dar o biberón			
Cambiar cueiros			
Levar os fillos/as ó colexio/ actividades			
Asistir a reunións con mestres/as			

14.- Cando compra xoguetes aos seus fillos/as , pensa e elixe aqueles que son propios do seu sexo?

SI NON

15. Valore as seguintes frase marcando cun X:

	FRECUENTE	NO FRECUENTE
Os nenos non choran, iso fan as mulleres		
Os nenos non xogan con bonecas		
As nenas non din palabras feas		
Os nenos non fregan nin varren		
As nenas non xogan con xoguetes de nenos		
Os nenos teñen que ser valentes		

16.- Das seguintes imaxes sinala cun X cales son utilizadas frecuentemente polos medios de comunicación (TV, radio, prensa...)

- A muller feliz dentro do seu fogar
- O home ocupando un importante posto de traballo

- A muller facendo a compra
- O home vendo un partido de fútbol
- A muller comentando coas amigas o deterxente utilizado na colada
- O home no bar tomando unhas copas
- A muller como obxecto físico de reclamo

17.- É frecuente que na súa familia se reproduzan as seguintes imaxes?

	SI	NON
A nai limpando a casa, o pai sentado no sillón		
O pai no bar cos amigos, a nai na casa cos fillos/as		
O pai dando o biberón, a nai na perruquería		
A nai pranchando, o pai lendo o periódico		
O pai tramitando papeis		
O pai conducindo, a nai descansando		